

# Poética do cotián

## Ficar ata o último verso

MONTSE PENA PRESAS

María Lado soubo sempre facer da cotidianidade verso, transmitir esas rutinas diarias e aparentemente intranscendentes en poemas que outras subliñaríamos sorprendéndonos aínda de como o feito común se volvera poema. Fixérao por exemplo en *casa atlántica, casa cabaret* (2002), unha sorte de contraste entre a vida no fogar materno e a existencia na Compostela universitaria (e dos espazos e fusións que no medio quedan) transmitida a partir das pequenas cousas, que son realmente as que o cambian todo.

Nesta ocasión volve elaborar un poemario cos mesmos bimbios en *oso, mamá, si?* (2015), mais agora é o mundo –e os seus ollos– da maternidade acabada de estreitar o que se erixe en protagonista. Así, a través dunha nai-eu lírico que permite que vivamos todo como espectadores dunha vida que comeza, convídasenos a asistir aos primeiros momentos da nacemento, cando o frío, a incertidume e o silencio do hospital o cobren todo para rematar no tempo en que o picaño xa di algunhas palabras

e esa nai-eu lírico se decata de que un día, ese neno, halle soltar as “mans como cabos”. A intimidade que se crea co lectorado, que asiste a ese primeiro camiñar como país, a esa benvida ao mundo, é intensa e sorprendente, sobre todo pola frescura do imaxinario que se ofrece. Así, cando remata, a lectora queda coa sensación de querer máis, de ver a ese neno –e a esa nai que comeza– continuar medrando. A brevidade, neste caso, semella algo excesiva. Porén, certo é que os versos prestados que enmarcan o texto (fragmentos de *Zoommm* de Estíbaliz Espinosa e de *Tara* de Elena Medel) e a

banda sonora (para cando unha lista de spotify?) diversa, internacional e intensa coa que disque se xestou o mesmo permiten a posibilidade de alongalo en moí diferentes direccións (Como tamén o poderían facer a obra, do mes-

mo alento, *Darío a diario* de Xela Arias ou o álbum ilustrado *Por que Cuqui non quere ir á lavadora?*, tamén de Lado e pensado para público infantil).

Alén da linguaxe coloquial, do verso longo case conversacional, das elipses significativas, se hai algo que destaca por riba de todo son as potentes imaxes que Lado constrúe, ancoradas na natureza (dúas cereixas a bicárense na árbore eran o pequeno e a nai), na liñaxe (as mulleres a conteplaren todas a ferida nova da maternidade, a terra de Fisteria acompañando), na unión (a que se alicerza coas palabras, cando se nomea o mundo para contarllo a quen se quere) e nas miradas, no que se olla por primeira vez (como as beiras do mar). Todo para tentar erixir ese vencello inquebrantable entre quen pregunta: “e ti... estarás comigo?” e quen responde: “ata o último verso”. Toda unha poética do cotián que transcende.

LEDO, María, *Oso, mamá, si?*, Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP.12, 50 €

